

# BASES DO CONCURSO DE CARTEL E POSTAL DE NADAL 2016

- 1 É obxecto do presente concurso seleccionar a tarxeta de felicitación do Concello de Carballo e o cartel que anunciará as vindeiras festas de Nadal 2016. Este concurso está organizado polo Concello de Carballo.
- 2 Poderán participar neste concurso todos os nenos e nenas do municipio de Carballo, **alumnado de educación infantil ou educación primaria**, coa única limitación de presentar unha soa obra por neno/a. Atendendo ás características excepcionais do CEIP Canosa-Rus, o alumnado deste centro poderá participar neste concurso. As obras deberán ser presentadas por un colexio ou entidade. A autoría dos traballos deberá ser individual (dun só alumno/a).
- 3 Os traballos presentaranse en cartulina de tamaño 210x297 mm. (tamaño A4), como mínimo, ou 400x500 mm. como máximo, figurando no dorso o nome, apelidos, idade, enderezo e teléfono do autor/a e o nome do colexio no que estuda. No caso de que o traballo se presente desde outra entidade que non sexa o colexio (ANPA ou Asociación), deberá figurar o nome da entidade.
- 4 En todas as obras deberá figurar o seguinte lema:  
**NADAL CULTURAL 2016  
CONCELLO DE CARBALLO**
- 5 Os traballos presentados non poderán incluír elementos que sobresaian do debuxo, como palillos, algodón, purpurina, papel pegado, ... pola dificultade de reproducir un cartel con estes engadidos.
- 6 O prazo de presentación das obras rematará o **venres 25 de novembro**, ás 14.00 h, debendo realizarse a entrega dos traballos nas oficinas da Concellería de Cultura situadas no Pazo da Cultura (1º andar).
- 7 **PREMIOS**  
1º PREMIO 175 € (máximo en libros e xoguetes)  
2º PREMIO 100 € (máximo en libros e xoguetes)  
5 ACCÉSITS 60 € (máximo en libros e xoguetes)



## NADAL CULTURAL 2016

O colexio ou entidade do traballo gañador do 1º PREMIO recibirá un premio de 150 € en material didáctico. O primeiro e o segundo premio serán publicados como tarxeta de felicitación do Concello de Carballo e cartel anunciador das festas, respectivamente. Os colexios ou entidades que colaboran coa organización presentando os traballos dun mínimo do 30% do seu alumnado, recibirán un vale para mercar material didáctico e educativo por un importe aproximado de 30€.

- 8 O xurado estará constituído por tres adultos designados polo Concello de Carballo e alumnado de ensino primario.
- 9 O xurado resérvase o dereito de declarar deserto calquera dos premios citados.
- 10 A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

Coa colaboración de  
**+INFO**

PAZO DA CULTURA  
Rúa do Pan, s/n 15100 Carballo  
T 981 704 300  
www.carballo.org

